

## Narrativa

### Bardo

Rexina Vega

*Y trabajo con la angustia por respeto a los muertos*  
 Angélica Lidell

Estame a escorregar limo entre as dedas. Mexo os pés, a carnosa gasa verde ascende en medio desta auga avolta na que a tarde cae. Estou dentro, na piscina da miña infancia, da miña primeira xuventude, neste oco que a min me parece un útero enorme e corroído. As fendas no cemento estenden os tentáculos do líquido nunha terra na que nacen roseiras retortas, silvas duras. Negra terra de monte e os piñeiros ouleándome enriba, encirrándome coa súa frouma, agullas que se cravan e podrecen no espello sucio deste pozo morto. Vai calor, aínda vai a calor da fin de agosto. O fume que se ergue desde o chan logo do sol. Fóra, o mundo déixase ir, convértese en silencio. Só permanece a angueira dos insectos, o voo baixo das caparuzas negras.

Todo é denso, o aroma, a cor das cousas que se mostran, e eu estou dentro, dentro da enorme piscina da miña infancia, da miña primeira xuventude, cos pés embarrados de limo.

Preciso limpar, intentar disimular a fatiga dos materiais, o paso do tempo nesta casa que nuns días aparecerá anunciada nunha axencia inmobiliaria. “Acolledor chalet con piscina, dous baños, catro dormitorios, amplo salón e dous mil metros de finca axardinada”. Merquei doce litros de lixivia, catro paquetes de estropallos, desinfectantes, branqueadores, desincrustantes, cheguei aquí cun arsenal de produtos químicos para intentar queimar todo vestixio de vida. Contra a mácula, contra a vetusta pátina dourada. E, a verdade, estoume empregando a fondo, estou empurrando a vasoira, movendo o estropallo e o coitelo cunha furia

que non me coñecía. Eu, tan pouco dada aos rituais hixiénicos. Pero é mellor así, embrutecerme no movemento, o ollo inundado de manchas, centrado nelas –entender de que maneira destruílas, a fenda pola que creban. Se consigo dar co seu fío –penso mentres brando o meu coitelo, mentres freto, raspo, aclaro–, se consigo dar coa lóxica construtora trala maraña, pode que faga xurdir un nada branco, sen min, sen a mancha.

Odio esta casa, este bonito chalet con piscina, dous baños, catro dormitorios; de feito estou aquí para desfacerme dela, para limpar todos os restos que poidan quedarlle de pasado, a suciedade dunhas vidas que xa foron. Ese pouco resta valor de mercado. Raspillo con forza, refrego o chan e saltan as lascas azulísimas de todos os veráns, a pintura aplicada con coidado cada agosto, a antiga piscina clara. Cae a tarde e eu estou soa. Aínda así todo ao meu redor reborda de vida...

Ponme medo a pel viscosa dos anfibios, esa cobertura pezoñenta das criaturas condenadas a perpetuidade a convivir co lodo, co caldo amniótico da fábrica, bulir aí cos bandullos a rentes, tripas nun saco que mira. Odio os sapos, as ras, as lesmas, as sabanduxas; salvo a píntega, que nada tan preto do meu xeonllo, coa súa luz amarela dentro do negro, como unha xoldra acuática, tan distinta ao pardo baboso destes seres inacabados que me cercan. Eu, coa auga a media perna e o cepillo enchoupado de lixivia, e o rascar da púa no cemento, eu, loitando contra un caldo primitivo, unha piscina abandonada ao pé do monte, colonizada polos

outros, os non humanos. Pasan rozando as aspas plásticas das formigas voadoras, o aveludado abdome das abellas, as patas de serra dos saltóns, escoito os seus avisos sonoros, o seu zunido, o seu besbexo. Arañas, carricantas, moscas, grilos, a liga dos artrópodos, os das fráxiles cutículas, danzan, saltarican, búscanme a pel impregnada de auga e de suor. Aparece agora en voo rasante unha enorme libélula azul. Non podo evitar o berro, dar puñadas no aire, batuxar na auga morta para espaventala. Estou nerviosa, unha mestura de noxo e angustia apodérase de min, protéxome, pouco e pouco vaime gañando o medo ante estes seres tan pequenos, como si eu, que reino na escala evolutiva, puidese temer nada dos pequenos, dos indefensos. Pero sinto estrañeza, percibo o seu odio, como fretan os élitros, como fan vibrar os bandullos: queren penetrar na miña cabeza, aniñar aí coas súas bombas sonoras, unha colonia insidiosa de rumores que me afogan.

Son moitos e eu, a anomalía. Aquí manda outro taxón, ben me decato. Non abrir, non axitar auga parada, a súa casa, o seu cálido caldo podrido. Son eu a intrusa, eu a que quere poñer orde, a que trouxo a lixivia, esa química que desfai aquilo do que se alimenta esta multitude que estivo aquí sempre, mesmo antes de que eu fose nena, desde moito antes de que estes montes fosen roturados e alguén dera en poñerlles nome. Foron eles, os meus pais, os que quixeron pelexarlle o territorio a estas vidas minúsculas, os que quixeron adulterar a realidade desta negra terra de monte e inventar un xardín francés, un chalet coidado, unha segunda residencia que dese testemuño na aldea da lealdade dos seus fillos e mais do seu progreso. Para iso, fabricaron camiños, construíron valados, ergueron outeiros, todo para modificar a orografía, para esquecer a montaña, para negala. Arrincaron as raíces das plantas autóctonas, fumigaron os bechos nativos. Rosas, calas, dalias, margaritas, fucsias; ringleiras de buxo, de hibiscos, de canas da india, de hortensias; palmeiras, rododendros acacias e álamos, figueiras, maceiras, laranxeiras... Todo contra o monte, contra o orballo, contra o vento, contra a brasa solar, contra a altura que seca, retorcede e queima. Imaxinar outro lugar, suplantar o natural, o seu trafego de cada fin de semana, de cada mes de agosto. Vino toda a miña infancia: a miña familia traballando para lograr un símbolo, unha casa vacacional, que amosase os modos urbanos sen esquecer o arraigo ao clan. Traizón e amor á terra. Metade cidade, metade campo, metade... O meu lugar: nin moi alá nin

moi acá, un lugar para arregañar os ollos e asumir modos distintos: montaña ou vila, futuro ou pasado, arriba ou abaixo... Odio a casa, a finca con piscina, ódioa con toda a miña furia. A casa avalou horas, anos. Todas as horas, papá, mamá, as roubaron as plantas, sachar, podar, enxertar, regar, fumigar... todo inútil, todo absurdo, no podiades ir contra a montaña. Traballar, traballar sen pausa, odiarvos cando parabades, ¡odiarvos tanto! Todo absurdo, todo inútil visto desde este presente no que veño a clausurar, a impedir que este espazo perviva en ningunha memoria futura.

Un saldo doloroso. A familia como maldición. Con todo, non esquezo os momentos felices, a visión da beleza que foi aquí máis intensa que en ningures. A sólida alegría da infancia, o sol do verán, o arrecendo dos piñeiros, o riso dos paxaros, a luz laranxa do amencer, o gorgolexo do regato, os latidos nocturnos dos cans, as puntas brillantes das estrelas, o silencio, a néboa, a brisa, a chuvia, as veigas, as cereixas, o lume, todo o que quedou gravado no tempo no que a vida era inmensa...

A escuridade anuncia agora a angustia nocturna. A multitude cala. Cambian a quenda. Xa aquí mouchos, curuxas e tardos co son que percute. Rítmico. Agónico. As ramas retortas dos carballos adquiren paseniño a arrepiante consistencia das gadoupas.

A casa, como un camposanto, agarda por min.

A lúa despunta no tellado, enmárcao, a casa fosforece, pónenme medo as súas fiestras negras como cuncas sen ollos, a súa porta, estreita e alta como o oco nasal dunha caveira. A casa como un cranio ameazante, como o reclamo dun museo do horror no que axiña brotarán luces vermellas. Teño que entrar, teño que abeirarme da noite neste lugar que veño a matar, ese no que aínda permanece o pai morto. Detrás, as garras e os sons do bosque; diante, o recinto no que debo afrontar as pantasma que hai en min.

Percíboo, non podo velo, pero está, o seu ser éncheo todo, o pai ausente, o pai acabado de morrer. Desexou que o enterrasemos na casa, baixo as roseiras que podaba cando se soubo do seu mal. Recordo como se deixaba estar ás noites acobadado na varanda da solaina mentres contemplaba a beleza do lugar. O claror das luces no horizonte, as vilas derramadas polo val, o resplandor alaranxado da gran urbe, alá, ao lonxe, baixo un mar máis alto que o ceo. Unha man termando do cigarro, a outra machucando unha folla do loureiro baixo o que

sentaba. Puxéralle nome de muller, Berenguela, a aquela árbore verdinegra que amparaba o flanco sur da casa. Gustáballe vela medrar, desmandada e brillante. Ás veces murmuraba algo que parecía ter como destinataria a unha Dafne presa para sempre nas ramas.

Este era o seu lugar, o lugar desexado. Desde pequena souben que o único que lle daba paz era a idea de formar parte deste negro pó de monte, desta parcela, o seu edén. Por iso odieino, a el, a esta casa que veño para matar, para vender, para transmutar nun feixe de moedas que poden facer que compre outro lugar no que naza un clan menos enfermo que este do que proveño.

Achégame á entrada, non o vexo, pero está. Desexa convencerme de que non venda a casa, de que non o borre ao meter no seu lugar sagrado a estraños que farán que todo aquilo polo que loitou deixe de ser del. Pero non, non me fará retroceder, vexa o que vexa, ouva o que ouva esta noite, veño para acabar, para pechar, para deixar de pensar nel, no pai ausente, no pai que non foi, no pai que rexeito, aquel no que só son quen de ver dor.

A porta ábrese cun estertor, un arrecendo a humidade, a mazá podre bate en min. Percíbo, está, non o vexo, non podo velo, non abro os ollos por temor a velo. Apalpo a chave da luz, a claridade enche a sala. Todo está como el o deixou. As facturas, os lentes, a gorra, a no vela co seu marcador de moucho ao carón da cadeira de brazos, a pegada da graxa do cabelo no respaldo de tea. O chisqueiro, o almanaque

de propaganda, unha cunca de café na que aboian media ducia de cadáveres de moscas, un pantalón de traballo feito un nobelo sobre o sofá, o carozo marrón dunha reineta. Non hai moito que marchou, está enterrado en sagrado, a moitos metros deste salón. Comprobei como pechaban a tampa do ataúde, como o deixaban naquel buraco de cemento, como levantaban aquel breve muro que o afastaba de nós para máis nunca. Seino, pero aínda estamos no período do bardo, na zona na que as almas se debaten entre o alén e o aquén, mundo e tras-mundo. Está aínda entre nós, nótoo, non quere deixar o mundo dos que viven: hai contas por saldar, problemas por resolver. Desexa que non venda a casa, está na súa cadeira, asexándome, aínda que eu non poida velo, móvese o balancín suavemente, cara adiante, cara atrás, cun lenísimo renxido. Non lle queda moito, en breve desaparecerá no magma confuso dos que foron, pero agora está aquí, para falar-me, para explicarme a súa verdade, para que o comprenda, o xustifique e o perdoe, eu que nunca o fixen, eu que o odiei desde tan cedo. Esta noite desexa que o escoite, pero eu témoo, eu fuxo. O único que procuro é borrar o pasado de onde veño.

Vou ao seu cuarto, debo comprobar os seus papeis, os documentos. Debo desfacerme de todas as pegadas, o persoal, os obxectos do morto para que os compradores poidan verse no lugar como os novos amos. Doe a soidade na que vou traballar de aquí en adiante. Pesa.